

Concurso de vídeos *Ensinando a lingua*

OBXECTIVO

Cos obxectivos de incentivar a creación audiovisual e de fomentar o uso e o prestixio do galego oral por parte das/os adolescentes a través de vídeos, e no marco do Plan de desconfinamento progresivo da lingua galega do IESEBA, convócase este concurso de vídeos.

PARTICIPANTES

Pode participar neste concurso todo o alumnado do IES Eduardo Blanco Amor de Culleredo.

TEMÁTICA

A **temática dos vídeos é libre**, aínda que, como ideas, pódense ter en conta as seguintes propostas:

- **Booktuber**: un vídeo en que fales sobre un libro que liches en galego, contes de que vai, expliques o argumento, fagas unha valoración persoal, expliques os motivos polos que recomendas a súa lectura...
- **Booktrailer**: un vídeo en que fagas un anuncio, un “tráiler”, para recomendar un libro en galego.
- **Titorial**: un vídeo en que mostres os teus saberes e procesos de elaboración para que outra xente poida aprender. Por exemplo, podes explicar como fas esa lasaña que che sae tan ben ou ese biscoito tan rico, ou no que expliques os mellores trucos e opcións para facer un bo Tik Tok, ou un paso de baile, ou un truco do teu deporte, ou os pasos que hai que seguir para consumir menos plástico, ou un experimento científico, ou unha fórmula, ou unha operación matemática, ou as leis de Newton, ou...
- **Opinión**: podes expor, nun vídeo, unha opinión ou valoración arredor dun tema de interese e dun xeito argumentado. Por exemplo, se o fas sobre un libro, xa sería un *booktuber*, pero tamén podería ser sobre unha película, un videoxogo, un ou unha cantante ou grupo musical, ou só sobre o seu último disco ou sobre unha canción, ou sobre a necesidade de sermos feministas, ou sobre a piña na pizza, ou...
- **Reto ou tag**: tamén podería ser un vídeo dalgún reto ou desafío que sexa interesante, un vídeo tag, un videoblog en que intentes falar sempre galego durante un ou dous días, un reto deportivo..., e moitas outras cousas que se che ocorran.
- **Canción**: e por que non un vídeo musical cunha versión, composición orixinal, coreografía, ou ata parodia e adaptación de temas musicais independentes ou dos máis comerciais? Iso si, en galego e coa túa/vosa voz, claro.
- **Historia ou anuncio**: tamén poderás facer unha pequena curtametraxe cunha historia (con guión orixinal ou adaptado), un anuncio / spot publicitario para concienciar de algo (igualdade de xénero, uso de máscara de protección durante a alerta sanitaria, importancia do uso do galego, respecto á diversidade sexual, importancia do exercicio físico, reciclaxe etc.) ou un vídeo para presentarlle o IESEBA aos/ás futuros/as alumnos/as que veñan para o próximo curso, por exemplo!



CARACTERÍSTICAS E REQUISITOS DOS VÍDEOS PRESENTADOS

- **Presentación:** os vídeos deben ser presentados por un alumno ou alumna. Neles poden participar máis persoas, pero tendo en conta que a presentación é individual e, polo tanto, o premio tamén é individual.
- **Duración:** cada vídeo ten que ter unha **duración mínima de 2 minuto e máxima de 5 minutos (aprox.)**.
- **Audio:** no vídeo debe saír a voz da persoa que o presenta e debe escoitarse ben. A voz da persoa que presenta o vídeo debe escoitarse durante, como mínimo, 1 minuto.
- **Lingua:** todo o contido do vídeo, oral e escrito, debe estar **en galego** e valorarase a calidade lingüística. Polo tanto, revisa ben o guión/texto e practica antes de poñerte a gravar!
- **Gravación:** o vídeo pode ser gravado con cámara, con móbil, etc. Vaia, co que teñas. E podes gravarte ti directamente ou pode gravar outra persoa.
- **Publicación:** para a participación no concurso os vídeos non teñen por que estar publicados, e veraos só o xurado específico. Iso non quita que, as alumnas e os alumnos que queiran publicalo en Youtube ou noutra plataforma, poidan facelo, pero non é obrigatorio para participar no concurso. Ademais, quen voluntariamente queira, pode presentar o seu vídeo a algún outro concurso, como por exemplo www.youtubeiras.gal.

ASPECTOS QUE SE VALORARÁN

- **Creatividade:** idea orixinal do vídeo, preparación do contido, argumento, opinión, análise, guionización... Valorarase a orixinalidade visual e sonora, o contido e o xeito de transmitilo.
- **Eficiencia comunicativa:** valorarase a transmisión do contido tanto oral como visual. A naturalidade, a espontaneidade, os dotes interpretativos ou comunicativos e o aproveitamento dos recursos propios da linguaxe audiovisual e a súa capacidade de incidencia no público.
- **Calidade técnica:** calidade de gravación, de imaxe, de son etc., e recursos audiovisuais utilizados (cabeceira, créditos, son etc.).
- **Calidade lingüística:** valorarase o uso correcto do galego, sen interferencias léxicas, sintácticas (ten en conta, practica, a correcta colocación do pronome átono) ou gramaticais do castelán, sen vulgarismos, etc., e a pronuncia correcta dos fonemas propios do galego, como o -n- velar (o de *unha* ou *algunha*), a fricativa prepalatal xorda (como en *caixón*, *Xulia* ou *xeito*) etc. Lembra, polo tanto, elaborar un guión, revisalo lingüisticamente e practicalo antes de gravar!

PRAZO E MÉTODO DE PARTICIPACIÓN

Para participar, debes enviar o teu vídeo, ou compartilo a través de Drive desde o teu correo electrónico de @iesblancoamor.com, ao enderezo electrónico: engalego@iesblancoamor.com. Se o vídeo xa o tes publicado en Youtube, chega con enviare a ligazón.

No asunto do correo debes poñer: CONCURSO DE VÍDEOS e, no corpo da mensaxe, debes especificar:

- Nome e apelidos.
- Curso e grupo no que estás.

O prazo de recepción de vídeos remata: **venres 12 de xuño ás 14:00 h**

CATEGORÍAS E PREMIOS

Haberá tres categorías:

- A. 1º e 2º da ESO.
- B. 3º e 4º da ESO.
- C. Bacharelato.

O premio de cada unha das categorías será unha Galipizza familiar por valor máximo de 20 €.

Ademais, os vídeos presentados poderán terse en conta para algunha(s) materias, así que, consúltao co teu profesor ou coa túa profesora.

XURADO

O xurado que decidirá os premios estará composto por tres persoas designadas polo Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega entre o profesorado e persoal do centro.

